



**federación do ensino**

**Sección Sindical da Universidade Vigo**

Vigo 17 de decembro de 2002

Sr. Xerente.

Como xa vostede sabe nas últimas semanas estase a incorporar, a través do programa Labora, novo persoal que está a desenvolver o seu traballo en áreas ou servicios da Universidade de Vigo.

Os contratos que están a asinar estes traballadores e traballadoras estipulan unhas condicións laborais moi distintas as que temos o persoal encadrado nas relacións de postos de traballo. A nós parécenos, por exemplo, inadmisíbel que a esta xente, contratada en precario e cun salario ridículo, se lle impoña por contrato un horario de 40 horas.

A través do presente escrito lle solicitamos que remita unha circular dirixida as áreas ou servicios que teñen "contratados labora" na que se indique que teñen os mesmos dereitos que o resto do persoal, dereitos tales como os recollidos nos artigos 38, 39, 41, 42, 59, 60, 61, 62, 63, 65, 66, 67, e 69 do 1º Convenio Colectivo laboral da Universidade de Vigo, co fin de evitar calquera tipo de discriminación ou agravio comparativo.

Atentamente

Manuel Velasco Graña

ILMO. SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO